

EXPEDIENTE:	<u>2024067184</u>
ASUNTO:	Suplemento de crédito 1/24 para adquisición sonda ultrasóns
TRÁMITE:	Memoria-Proposta de Presidencia

INFORME DE INTERVENCIÓN

En cumprimento da legalidade vixente, en relación co expediente de suplemento de crédito “SUP. 01/24”, emítase o seguinte informe:

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Artigos 177, 179 e 180 do Texto Refundido da LRFL, aprobado por RDL 2/2004, de 5 de marzo.
- Artigos 34 a 38 e 40 a 42 do R.D. 500/1990, de 20 de abril (RD).
- Artigos 2, 3, 11, 27 e demais concordantes da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira.
- Bases de execución do orzamento.

FUNDAMENTOS DE FEITO

Esta modificación orzamentaria ínstase como consecuencia da necesidade da Escola Universidade de adecuar a iluminación da mesma as obrigas e ordenanzas en materia de aforro enerxético.

FUNDAMENTOS XURÍDICO-ECONÓMICOS

Estes expedientes compren cos requisitos previstos na normativa, tanto en relación cos gastos que se pretenden financiar coma en relación cos recursos que os financian.

Respecto do cumprimento da Lei de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, trimestralmente infórmase sobre o cumprimento, por tanto, non procede incorporar ao expediente un informe específico. Non obstante, este expediente de modificación de crédito, en función das obrigas que se cheguen a recoñecer ó longo do exercicio, podería dar lugar na liquidación do orzamento ó incumprimento de dita Lei de Estabilidade.

A tramitación deste expediente respecta o equilibrio orzamentario.

A tramitación deste expediente esixe os trámites seguintes:



- Aprobación inicial polo **Padroado da F. Escola de Enfermería.**
- Ditame da Comisión Informativa.
- Acordo Plenario.
- Exposición ó público polo prazo de 15 días hábiles.
- Acordo Plenario de resolución de reclamacións, se fose o caso, e aprobación definitiva.
- Publicación do resumo por capítulos no B.O.P.

É canto considero que teño que informar, non obstante, o Pleno da Corporación resolverá o que estime máis conveniente.

En Pontevedra,
Documento datado e asinado dixitalmente.

